

¿CAL É A MELLOR TÉCNICA DE BUSCA DE EMPREGO?

1. ¿Cale son os teus obxectivos profesionais?

Para algunhas profesións son máis axeitadas algunhas técnicas que outras, por exemplo no mundo da construción será máis útil personarse nas propias obras e presentarse, sen embargo, para empregos de maior cualificación é máis útil enviar o currículo a empresas concretas e usar os contactos.

2. ¿Cal é o teu sector?

Se a empresa á que te dirixes é grande, máis profesionalizado terá o sistema de selección de persoal, polo contrario, canto máis pequena sexa máis influen os contactos.

3. ¿Onde vives?

Neste caso ocorre o mesmo que no anterior. Se vives nunha gran cidade terás máis ofertas de emprego e deberás ter un método moi organizado e sistemático para coñecelas, pero se vives nun pobo pequeno as ofertas serán escasas e os teus coñecidos poderán axudarche a que te enteres delas.

4. ¿Tés boas habilidades sociais?

Se posúes unha boa técnica de presentación en persoa e unha boa capacidade para relacionarte e “venderte” trata de conseguir entrevistas persoais para que poidan coñecerte.